

## ACTIVIDADES EN MESA AULA 8


Algunhas tarefas que traballamos na aula 8 son as seguintes:

### **1- CLASIFICACIÓN POR CORES**

Esta actividade é moi sinxela xa que a podemos facer con material que temos por casa, o requisito fundamental é que os recipientes sexan todos iguais para non despistar e se son dunha soa cor moito mellor. Tamén pódese utilizar recipientes da cor que se está traballando. Empezaremos por cores que o neno/a xa coñece e para facilitarlle a tarefa, seleccionaremos soamente 2 ou 3 cores. Si lle resulta sinxelo, aumentaremos a dificultade engadindo máis ou menos cores.

Os nenos/as verbalizan en todo momento os obxectos e a cor, no caso de linguaxe non verbal, o farán os adultos que guíen a tarefa.

Déixovos unha mostra visual de cómo pode ser.



### **2 - CONTAR OBXECTOS**

Para esta tarefa soamente necesitamos un bote ou recipiente e obxectos cotiás que temos por casa como pinzas, bloques, tapóns, xoguetes...

A actividade consiste en que o neno/a meta estes obxectos no bote/recipiente e verbalizar os números do 1 ao 10.




### **3 – ENSARTAR PINZAS**

Esta actividade tamén é moi sinxela e soamente necesitaremos un cartón/cartolina e pinzas de colgar a roupa.



### **4 – QUITAR E POÑER**

Nesta actividade traballamos as accións “quitar” e poñer”, na aula temos unha caixiña con paliños depresores pero pódese facer de outras maneiras e con diferentes materiais.



## **5- ENCAIXABLES**


Seguramente que na casa tedes algún encaixable co que podades traballar. Na aula estamos a traballar os animais, as formas e algunhas froitas.




## **6 - GRAFOMOTRICIDAD**

Neste tipo de tarefas podemos utilizar múltiples materiais e de maneiras moi distintas. Podemos traballar dunha maneira convencional sentados nunha mesa ou tamén podemos traballar de maneira vertical pegando con un pouco de celo folios/cartolinas na parede. Tamén podemos utilizar como soportes un encerado pequenoñño convencional ou o típico branco. E como material para utilizar podemos utilizar ceras, rotuladores, pintura de dedos, acuarelas, tizas...

Na aula dependendo das características do neno traballamos garabateo, coloreamos figuras básicas, trazos verticais e horizontais...





## **7 – MOLDEAR PLASTILINA**

Esta actividade gusta moito e se non temos plastilina na casa podemos facela caseira ou mesmamente facer pan e moldear das formas que se queiran: boliñas, churros...

- Como facer plastilina caseira

<https://www.youtube.com/watch?v=IZVQwabqup0>



### **\*A ter en conta en todas as actividades:**

- O contacto ocular.
- Diminuír a axuda a medida que son máis autónomos nas tarefas.
- Verbalizar os obxectos e as accións que se fan.
- Cantar mentras facemos as tarefas.
- Divertirse aprendendo.